

Visita a Corrubedo

Como somos da montaña, tamén queremos ver o mar de vez en cando

Xa tiñamos gana dun pouco de praia, porque no mes de maio non fixo máis que chover. Aproveitando o premio do concurso de traballos sobre o parque do Xurés, que gañaron as nenas e os nenos do cole de Entrimo, aínda que invitaron ós coles da zona, fomos todos a visitar o parque natural das dunas de Corrubedo.

A viaxe e moi, moi, pero que moi longa. Sen embargo o parque é tan bonito que merece a pena. Hai un montón de especies de plantas das dunas, aves e demais fauna típica. Para acordarnos de todo, regaláronnos unha guías para levar de volta ó colexio.

Aínda que aprender cousas está moi ben, tamén hai que divertirse, así que case o mellor da viaxe foi a praia. Alá nos fomos todos, a sacar os bañadores e os biquinis que



Dispostos a tomar o sol.

tiñamos gardados no armario, a tomar un pouco o sol e pasalo ben.

Entre o longa que é a viaxe, aprender tantas cousas sobre o parque, comer, cambiarnos para ir a praia, ir tomar o sol,



A hora da comida.

xogar un pouco, etc., acabamos chegando a Lobios tardísimo, e as nosas familias estaban un pouco impacientes, pero a verdade é que mereceu a pena.

O malo é que este ano xa non imos poder ir outra vez cos compañeiros e as compañeiras á praia, pero sempre nos quedará o Río Caldo e os Encoros, porque o parque de Corrubedo será bonito, pero temos a sorte de vivir no Xurés, que xa é o máis grande de Europa e o único que se xestiona por máis dun país.



Pasamos moitas horas no autobús.